



## **Rogos e preguntas do Pleno de setembro de 2020**

### **Preguntas formuladas por Dona María Elena Estévez Freire.**

- 1. Ten o goberno acordado algún plan de tráfico coa Policía Local ou Protección Civil para regular as entradas e saídas dos colexios con motivo do inicio do curso escolar o vindeiro día 10 de setembro de maneira que se poidan establecer horarios de acceso ós colexios, incluso acotando zonas de aparcamento, para evitar a acumulación de persoas nas entradas dos mesmos podendo así cumprir as distancias de seguridade? No suposto de ter redactado ou acordado ese plan, ¿nos poderían dar información o respecto?**

O Sr. alcalde resposta que hai protocolos dos propios centros educativos onde se indican os puntos de acceso e saída, ilo sen prexuízo de que a policía local leve control e vixilancia. Consideran que son os propios centros educativos os que coñecen as situacións sen prexuízo de que o concello colabora e facilita a operativa.

- 2. Iniciouse expediente de investigación en relación as pintadas que apareceron nas portas do concello a mediados de agosto, uns días despois de procederse polo persoal de obras e servizos o seu lixado e pintado? Que información nos pode facilitar o goberno respecto destes feitos? que todos e todas condeamos.**

O Sr. alcalde resposta que hai algunha sospeita, aínda que lle corresponde á policía local realizar as averiguacións e investigacións respecto dos actos contra o patrimonio público. En todo caso, considera que xunto coa actuación administrativa que corresponda hai que conseguir a corresponsabilidade da sociedade

- 3. Pregunta verbalmente polos motivos da ausencia de Bibliotecario/a.**

O Sr. Leal Fariña clarexa que por motivos de vacacións do bibliotecario ata outubro non poderá incorporarse por motivo da tramitación da liña de axuda correspondente.

### **Preguntas formuladas por Dona María Blanco Blanco.**

- 1. No camiño que vai dende a PO-551 á altura da marquesiña que está enfrente da entrada Agrelo-Portomaior, subindo hacia o Torrón, na primeira quincena de agosto realizouse unha actuación que consta dun “montículo de formigón “de mais ou menos 30 cm. todo o longo da marxe esquerda. Esta obra fíxose por petición vecinal?**

**Qué se pretende mellorar con esa obra?**

**Foi a brigada de obras ou unha empresa particular a encargada de realizalas?.**

O Sr. alcalde clarexa que o aparelador fixo unha visita e viu que as augas poñen en perigo a estabilidade do muro e para iso debe evitarse que a auga pasara por aí, e se instou unha actuación na consistencia do muro, a altura é excesiva e innecesaria xa que con 15cm será suficiente para garantir a estabilidade do muro. Di que se vai a encofrar para rebaixar a altura e cos escombros resultantes se recheará para facer unha beirarrúa.



**BUEU**

**2. Con respecto á cuestión anterior, entubaríase a auga?**

O Sr. alcalde responde que entubar a auga implicaría abrir os camiños e o considera innecesario.

**3. En setembro do 2018 inaugurouse a primeira fase da rehabilitación do Asteleiro de Purro. Co tempo puidose comprobar que había deficiencias na execución do proxecto ou que os materiais que se empregaron para esta obra non eran axeitados. No momento en que afloraron os primeiros problemas na construción estaba vixente a garantía da obra, por iso as preguntas son as seguintes:**

**Por qué non se instou a empresa adxudicataria da obra a realizar as pertinentes reparacións estando vixente o prazo de garantía?**

**Quen foi a empresa que fixo as actuais reparacións e en base a qué criterios?**

**As táboas que se repuxeron no entorno do Asteleiro son do mesmo material que as retiradas?**

**É certo que o Goberno Municipal ten previsto levantar todo entablado e sustituílo por pedra nun futuro, como así o afirmou o Concelleiro de Cultura, Xosé Leal??**

**De ser certa dita afirmación, iniciáronse xa os trámites de solicitude de autorización a Patrimonio para realizar dita actuación?**

O Sr. Leal Fariña clarexa que na obra do estaleiro os materiais certificados foron os do proxecto segundo definiu o director da obra e o fixo equivocadamente porque esa madeira iba a ser astillada e se trata o pavimento máis para fachadas que para solos. Di que se falou con tres empresas de Bueu para facer o traballo, unha delas non o quixo facer por un tema de prazos e a outra porque entendía que a actuación debe ser máis ampla e integral e, a empresa que a executou foi a única que aceptou. Engade que se utilizou a madeira de mellor calidade e tornillería de aluminio. Ao respecto o Sr. alcalde clarexa que haberá defecto no proxecto e na dirección de obra, pero non haberá responsabilidade algunha. Di que no seu momento, cando chegou o subministro do material, o propio alcalde xa lle advertiu ao director de obra pero é o seu xuízo técnico o que debe imperar porque é o responsable da certificación.

**Preguntas formuladas por Dona Isolina Villanueva Reboiras.**

- 1. El día 13 de junio en la mesa de comercio ,mantuvimos una reunion con representantes de la plaza de abastos.Donde se acordo hacer un circuito,en el que fuese mas comodo y seguro para los comerciantes y clientes de la plaza. Circuito en el que se cerraría una de las trs puertas,es decir quedaría una sola entrada [inicio del recorrido] y otra puerta de salida [fin del circuito]. Se ha comprobado que con el aumento de turismo,la plaza se convirtió en un lugar bastante concurrido por visitantes y como es lógico por nosotros mismos,vecinos que solemos comprar en esta maravillosa plaza.Tengo que decir que no se ha**



**BUEU**

**cumplido con la distancia de seguridad y en algunos casos con el uso obligatorio de la mascarilla. Bien es cierto, que hay carteles que lo indican,pero nadie comprobando si se cumplan las normas. Mis preguntas son:**

**¿Qué impedimentos hubo o inconvenientes para o ejecutar las medidas?**

**¿Tiene previsto el Gobierno cumplir con el acuerdo?**

**¿Se ha tomado otro tipo de medida en el que no hemos sido informados?.**

O Sr. Leal Fariña clarexa que se fixo un estudo e polos motivos de ventilación non é recomendable o pecha dunha das portas, a persoa encargada da praza de abastos fai un control exhaustivo e a policía local fai rondas permanentes por dentro. Engade que as complicacións tamén foron dos propios praceiros e houbo que concienciarlles da importancia da máscara, di que o comportamento agora é moito mellor que ao comezo.